



Amador Díaz Penín e Ramiro Rodríguez Suárez, concelleiros do Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presentan ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** ao respecto da **ADHESIÓN AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os gobernos municipais deben contribuír, desde o seu ámbito específico, ao apoio e cooperación cos países en vías de desenvolvemento a través do financiamento de proxectos de axuda e campañas de sensibilización en Galiza sobre a cooperación e a solidariedade internacional.

Para unir aos concellos galegos neste obxectivo creouse en 1997 o **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, unha asociación de carácter municipalista que agrupa hoxendía a preto dun cento de concellos e tres deputacións provinciais unidos pola preocupación e o obxectivo de levar adiante iniciativas de cooperación e solidariedade cos países menos desenvolvidos.

O Fondo pretende ir máis alá da urxencia que se xenera diante de calamidades, catástrofes ou guerras, e abordar tamén programas estábeis e permanentes dirixidos ao desenvolvemento estrutural dos países que precisan desa axuda e apoio internacional.

Como asociación de concellos, **o Fondo permite canalizar todos os esforzos dos concellos en materia de cooperación internacional, e polo tanto abordar programas ambiciosos e eficaces** nese ámbito e cunha visión de país, un obxectivo que sería inviábel con accións individuais e unilaterais dos concellos galegos. Evítanse así duplicidades e delégase desde o concello a xestión da cooperación nunha instancia municipalista galega, simplificándose o diálogo coas organizacións non gobernamentais e reforzando a capacidade global do municipalismo galego no ámbito da cooperación.

O Concello de Xinzo **aprobou por unanimidade en decembro do 2004 unha partida, equivalente ao 0,07% do orzamento anual, para axuda humanitaria. Nos anos 2005, 2006 e previsiblemente 2007 esta partida, que ronda os 3.000€ anuais, quedou pendente de aplicación.** A nosa inclusión no Fondo permitiría darlle a esta iniciativa solidaria un cauce acaído de expresión e unha continuidade temporal imprescindible para obter uns resultados positivos.

Asemade, consideramos que no seu momento a aprobación do 0,07% do orzamento anual supuxo un fito destacable para o noso Concello, mais deberíamos esforzarnos para continuar avanzando neste camiño e achegarnos ao porcentaxe do 0,7% recomendado polas Nacións Unidas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno a adopción dos seguintes:



ACORDOS

1. Adherirse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.
2. Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual ao Fondo Galego con destino ao financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e de conformidade co correspondente baremo de cotas que aprobe a Asemblea Xeral de concellos asociados.
3. Expresar a vontade de incrementar os compromisos económicos do concello respecto dos países en vías de desenvolvemento para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.
4. Facultar ao Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue para representar ao concello no Fondo Galego de Cooperación.
5. Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Asdo.: Amador Díaz Penín

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 14 de decembro de 2007

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA